

REGULAMENTO I CARREIRA BARRO NO CAMIÑO 2019

1.- A Asociación Cultural Deportiva Barro organiza a I Carreira Barro no Camiño 2019, que terá lugar o sábado 23 de novembro a partir das 16:00 horas, estando situadas a saída e a meta no Pazo da Grela.

2.- A carreira é aberta á participación de calquera persoa, sen necesidade de ter licenza federativa.

3.- O percorrido será un circuíto duns 10 Km aproximadamente que discorre na súa maior parte polo Camiño de Santiago. As distancias a percorrer adaptaranse ás idades de cada categoría.

4.- Ás 16:15 será a primeira carreira.

A entrega de premios será a partir das 19:00 h.

5.-Categorías (masculina e feminina):

Escolares

Chupetes: De 0 a 3 anos (poderán correr acompañados dun adulto)

Pitufos: Nacidos nos anos 2014-2015

Prebenxamíns: Nacidos nos anos 2012-2013

Sub 10: Nacidos nos anos 2010-2011

Sub 12: Nacidos nos anos 2008-2009

Sub 14: Nacidos nos anos 2006-2007

Sub 16: Nacidos nos anos 2004-2005

Sub 18: Nacidos nos anos 2002–2003

Absoluta:

De 18 anos en adiante.

Senior: De 18 a 34 anos

Master A: de 35 a 44 anos

Master B: de 45 a 54 anos

Master C: de 55 a 64 anos

Master D: de 65 en diante.

CATEGORÍA	HORA SAÍDA	DISTANCIA
Sub 14 / Sub 16	16:30 h	2 Km
Sub 18 / Absoluta	17:00 h	10Km
Sub 12	16:15 h	1 Km
Sub 10	17:20 h	800 m
Prebenxamíns	17:35 h	700 m
Pitufos	18:00 h	350 m
Chupetes	18:20 h	100 m

6.- Premios: Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría e da absoluta. Haberá trofeo para o corredor e corredora de máis idade, e para o primeiro clasificado do Concello de Barro masculino e feminino. Tamén camisetas técnicas e avituallamento para os participantes na liña de chegada.

7.- Inscripcións: As inscricións de todas as categorías faranse na páxina www.emesports.es ata o xoves 21 ás 23:59 h. Farán constar: nome, apelidos, data de nacemento, enderezo, DNI e teléfono.

Non se admitirán inscricións o mesmo día da proba.

Inscrición absoluta: 5 €

Categorías escolares: gratuíta.

8.- Os atletas deberán estar na liña de saída 10 minutos antes do comezo da carreira.

9.- Será motivo de descualificación calquera infracción grave ou comportamento antideportivo que estime a Organización.

10.- A Organización non se fará cargo dos obxectos de valor extraviados polos corredores.

11.- A participación supón a total aceptación deste regulamento. Todo corredor, polo feito de tomar a saída, acepta tanto o presente regulamento coma as decisións que tome a Organización en caso de dúbidas.

13.- Haberá duchas no Pavillón Municipal de Deportes, a 300 metros da liña de meta.

14.- Prégase aos atletas de todas as categorías entreguen un quilo de comida non perecedoira no lugar de entrega de dorsais, xa que é unha carreira solidaria.

15.- Ao remate, a Organización da carreira celebrará un magosto popular.